

Informe de seguimento do Programa de mellora da xestión das entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia

Ano 2023

MARCO NORMATIVO

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (en diante LOFAXGA) regulou no seu título III o réxime xurídico das entidades instrumentais do sector público autonómico e estableceu os instrumentos de planificación anual e plurianual da actividade das ditas entidades instrumentais: plans anuais de actuación, plans plurianuais iniciais e contratos de xestión.

A Lei 12/2011, do 26 de decembro, modificou o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, estendendo a posibilidade de asinar contratos programa (que se equiparan ao contratos plurianuais de xestión) a outro tipo de entidades, mencionando de xeito expreso as seguintes: as entidades públicas empresariais, as sociedades mercantís públicas autonómicas, as fundacións do sector público autonómico, os consorcios públicos autonómicos e demais entidades instrumentais do sector público autonómico non recollidas no orzamento consolidado.

Finalmente, o Consello da Xunta de Galicia aprobou en marzo de 2012 a Instrución pola que se regula o procedemento para a elaboración dos contratos de xestión ou contratos programa e a composición das comisións de control e seguimento de tales contratos.

Tamén nesta liña, no ano 2016 aprobouse a Orde conxunta do 8 de xullo de 2016, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda, pola que se regula o Plan inicial plurianual de actuación das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.

PROGRAMA DE MELLORA DA XESTIÓN DAS ENTIDADES INTEGRANTES DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO DE GALICIA 2021-2023

O 4 de marzo de 2021 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico de Galicia (2021-2023), de acordo coa previsión do artigo 20 da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, de concretarse, a través do dito plan, a política de xestión da calidade da Comunidade Autónoma de Galicia. O dito Plan xeral preveu como primeira acción a aprobación dun Programa de mellora da xestión das entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia.

O Consello da Xunta, na súa reunión do 29 de abril de 2021, aprobou o Programa de mellora da xestión das entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia.

O obxectivo deste programa consiste en dotar ás entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia de contratos de xestión ou contratos programas.

O ámbito de aplicación deste Programa abarca ás axencias públicas autonómicas, ás fundacións do sector público autonómico e ás sociedades mercantís públicas autonómicas.

O Programa preveu a súa articulación en varias fases:

Fase	Anualidade	Entidades incluídas
Fase I	2021	axencias públicas autonómicas
Fase II	2022	fundacións do sector público autonómico
Fase III	2023	sociedades mercantís públicas autonómicas

SEGUIMIENTO

O Programa de mellora da xestión das entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia estableceu un calendario de actuación conforme ao que no exercicio 2021 os traballos se centrarían en dotar de contratos de xestión ás axencias públicas autonómicas e entidades asimiladas (16 entidades), no ano 2022 se centrarían na elaboración de contratos programa polas fundacións do sector público autonómico (22 entidades), e no ano 2023 se traballaría na elaboración destes instrumentos para as sociedades mercantís públicas autonómicas (13).

No ano 2021 elaborouse unha guía para a realización de contratos de xestión ou contratos programa, coa finalidade de facilitar a súa elaboración e homoxeneizar o seu contido.

Para a elaboración dos contratos de xestión ou contratos programa o primeiro paso é a constitución dun grupo de traballo, integrado por persoal da entidade, da Consellería de adscrición, da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos. Este grupo de traballo elabora e aproba o texto inicial do contrato.

Unha vez finalizado o labor do grupo de traballo, o texto sométese á aprobación do consello reitor da entidade, e posteriormente do Consello da Xunta de Galicia.

Co obxecto de poder contar nun documento de toda a evolución deste programa a análise que se realiza é acumulativa, incluíndose neste informe a evolución e o seguimento do programa dende a súa aprobación ata o 31 de decembro de 2023.

Este informe ten en conta os contratos de xestión e contratos programa vixentes na data da súa emisión. Porén, hai entidades que xa dispoñían dun

contrato aprobado, o cal se aplicou durante o seu prazo de vixencia, e logo do transcurso deste prazo perderon a súa eficacia.

Polo tanto, a data de 17 de xullo de 2024 existen 10 contratos de xestión ou contratos programa aprobados, pero ademais noutros dous casos, os traballos de elaboración do contrato de xestión por parte do grupo de traballo finalizaron, e xa se aprobou o contrato polos respectivos consellos reitores, quedando unicamente pendente a súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia.

Finalmente, outros 26 contratos están en fase de elaboración.

CONTRATOS DE XESTIÓN E CONTRATOS PROGRAMA APROBADOS:

Contratos de xestión de axencias públicas autonómicas:



Contratos programa de fundacións do sector público autonómico e sociedades mercantís públicas autonómicas



ANÁLISE DOS TRABALLOS REALIZADOS EN RELACIÓN COS CONTRATOS DE XESTIÓN EN FASE DE ELABORACIÓN E APROBACIÓN:

A) Contratos xa elaborados e aprobados polo grupo de traballo e polo consello reitor:

Na Axencia Galega de Servizos Sociais e na Fundación Deporte Galego o texto inicial do contrato xa foi aprobado polos consellos reitores das devanditas entidades para a posterior aprobación do Consello da Xunta de Galicia.



B) Contratos en proceso de elaboración polo grupo de traballo:

Noutras 26 entidades xa se constituíu o grupo de traballo ou se procedeu ao inicio dos traballos de elaboración do texto inicial do contrato:



Axencia Galega de Innovación



Axencia Galega das Industrias Culturais



Axencia Galega de Desenvolvemento Rural



Axencia Turismo de Galicia



Axencia Tributaria de Galicia



Instituto Galego de Promoción Económica



Instituto Enerxético de Galicia



Fundación Semana Verde de Galicia



Fundación Galicia Europa



Fundación Cesga- Centro Tecnolóxico de
Supercomputación de Galicia



Fundación Pública Artesanía de Galicia




Fundación Pública Galega da Formación
para o Traballo



Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía



Fundación Pública Galega para o Apoio ao
Exercicio da Capacidade Xurídica



Centro Tecnolóxico do Mar



Fundación Pública Camilo José Cela



Redes de Telecomunicación Galegas
Retegal, S.A.



Xenética Fontao, S.A.



Empresa Pública de Servizos Agrarios
Galegos, S.A.



Xestión do Solo de Galicia, Xestur, S.A.



Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.



Sociedade Pública de Investimentos de
Galicia, S.A.



Galicia Calidade, S.A



Xesgalicia, Sociedade Xestora de Entidades
de Inversión de Tipo Pechado, S.A.U



Parque Tecnológico de Galicia, S.A.



Sodiga Galicia, Sociedad de Capital
Riesgo, S.A.

En todo caso, o seguimento dos distintos contratos de xestión ou contratos programa aprobados pode realizarse no Portal de Transparencia e Goberno Aberto, na seguinte ligazón:

<https://transparencia.xunta.gal/tema/transparencia-institucional/entes-instrumentais/instrumentos-xestion/contratos>

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2024